

Regulamento Traballos Fin de Máster

Máster Universitario en Técnicas Estadísticas. USC, UDC, UVigo.

Prólogo

O Traballo Fin de Máster (TFM) é unha das materias do terceiro cuatrimestre do Máster Universitario en Técnicas Estadísticas (MTE). Consiste en realizar traballos individuais relacionados co resto de materias do Máster e supón unha carga de 15 créditos ECTS. Para obter o título é necesario defendelo con éxito ante un tribunal. A devandita defensa non se realizará en ningún caso antes de que o estudante superase todos os créditos necesarios para a obtención do título de Máster (excepto os correspondentes ao propio TFM).

A finalización e defensa do TFM rexerase por esta normativa, aprobada pola Comisión de Título do Máster en Técnicas Estadísticas (MTE) na súa reunión ordinaria do 9 de xuño de 2021.

Artigo 1. Tipos de traballo e contido.

O alumnado pode realizar o TFM seguindo unha das seguintes modalidades:

Modalidade A: Consiste no desenvolvemento dun traballo teórico ou aplicado. Nun traballo teórico preténdese que o/a estudante faga unha revisión crítica dalgún traballo de investigación recente, comparando as diferentes alternativas existentes ou, incluso, propoñendo novas alternativas. Os traballos de tipo aplicado consisten na análise, estudo e resolución de problemas con datos reais nos que se deben aplicar técnicas modernas da estatística ou da investigación de operacións.

Modalidade B: Consiste en realizar un traballo dentro dunha empresa. O seu obxectivo é que o/a estudante analice e estude problemas na área de estatística ou investigación de operacións nos que están interesadas as empresas colaboradoras. O traballo realizado na empresa debe estar relacionado con algunhas das técnicas da estatística ou da investigación de operacións estudadas no Máster. Os TFM incluídos nesta modalidade requiren un titor/a dentro da empresa, e deben estar avalados por un titor académico que reúna os requisitos mencionados no Artigo 2. Tamén requiren a sinatura dun acordo universidade-empresa que reflicta, polo menos, o nome e o enderezo da empresa, o nome da persoa que titoriza e a súa relación coa empresa, o papel do estudante na empresa e número de horas que dedicará, que non debe ser inferior a 225 horas. Este acordo pode substituírse por un contrato de traballo (ou prácticas) ou unha bolsa na empresa onde se celebrará o TFM, aínda que debe permanecer o número mínimo de horas indicado anteriormente.

Artigo 2. Titorización de traballos.

Todo o profesorado do MTE pode titorizar un TFM. Ademais, o profesorado dalgunha das tres universidades participantes no MTE que, sendo alleo ao profesorado do MTE, cumpra os requisitos establecidos para formar parte do dito persoal, tamén pode propoñer e titorizar un TFM. Recoméndase que os TFM non sexan cotutorizados por máis de dous profesores/as, agás casos debidamente xustificadas.

Artigo 3. Asignación e/ou proposta de traballos.

A Comisión de Título invitará a todo o profesorado do MTE a propor polo menos un TFM cada ano (dous se son cotutorizados). O alumnado tamén pode presentar as súas propias propostas de TFM. Para a modalidade A, as propostas deben contar coa aprobación dun titor/a académico/a. Para a modalidade B, deberá contar coa aprobación dun titor/a da empresa e dun profesor/a do MTE, que actuará como titor/a académico/a.

A Comisión de Título debe examinar e aprobar todas as propostas. A Comisión de Título tamén debe examinar e aprobar todas as propostas para o TFM tipo B e todas as feitas por persoal alleo ao persoal do MTE.

O alumnado que non fixera propostas ou que fixera propostas que non fosen aprobadas deberá indicar as súas preferencias respecto aos TFMs ofertados en cada curso. A Comisión de Título garantirá en todo caso que o número de TFM ofertados é suficiente. A asignación final será realizada pola Comisión de Título en función das preferencias e dos expedientes do alumnado.

As asignacións están garantidas durante o curso no que sexan asignadas. Despois do devandito curso, o alumnado que non defendera o traballo pode solicitar unha ampliación da asignación ante a Comisión de Título.

Artigo 4. Defensa de traballos.

O TFM debe defenderse ante un tribunal, independentemente do tipo de traballo. O alumnado será convocado cunha antelación mínima de dez días para proceder á defensa dos TFM. Cada defensa de TFM consistirá nunha presentación dun máximo de 25 minutos. A continuación, haberá una quenda de preguntas por parte dos membros do tribunal, que o alumno/a deberá responder. O tempo total dedicado ás sesións de preguntas e respostas non superará os 20 minutos.

Artigo 5. Tribunais de traballos.

Cada curso, a Comisión de Título decidirá o número de tribunais de TFM en función do número de estudantes que formalizaron a súa matrícula de TFM. Como regra xeral, non debería haber máis dun tribunal por cada 20 estudantes de TFM. Cada tribunal, que será nomeado pola propia Comisión de Título, estará composto por tres titulares e entre un e tres suplentes. Tanto os titulares como os suplentes deben ser profesorado do MTE. No caso de que un membro do tribunal dun TFM titorice o devandito traballo, un suplente actuará no seu lugar. Os titores académicos do TFM poden participar nas deliberacións do tribunal, con voz, pero sen voto.

Artigo 6. Cualificación de traballos.

O tribunal, despois da deliberación, fará públicas as cualificacións, que oscilarán entre 0 e 10 puntos. Se a cualificación dun TFM non é inferior a 9 puntos, o tribunal pode conceder unha Matrícula de Honra. No caso de que haxa varios tribunais de TFM, estes deberán estar coordinados para decidir a asignación de matrículas de honra en cada convocatoria.

Artigo 7. Documentación.

Corresponde ó alumno/a enviar o seu TFM seguindo o procedemento previsto na universidade na que estea matriculado. Ademais, deberá tamén enviar o seu TFM a un dos coordinadores do Máster e **confirmar** a correcta recepción do mesmo. Este envío farase só en formato electrónico, agás que haxa algunha outra

indicación expresa por parte da Comisión de Título. A lingua empregada no devandito traballo (e na súa defensa) debe ser o galego, o castelán, o inglés ou o portugués.

O prazo para realizar a devandita entrega remata dúas semanas antes da data establecida para a defensa do TFM.

Artigo 8. Propiedade intelectual e industrial do traballo.

No caso de que o traballo se realice no marco dun contrato ou acordo cunha entidade ou, se é o caso, dun proxecto ou liña de investigación, os dereitos serán os incluídos no devandito contrato ou acordo ou os acordados previamente.

En calquera caso, sempre se debe respectar a lexislación vixente sobre propiedade intelectual e industrial. En particular, o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual española, do 6 de maio de 2020, recoñece que, entre outros, corresponde ó autor/a o seguinte dereito **irrenunciabile** e **inalienable**: *“Exigir el reconocimiento de su condición de autor de la obra”*.

Artigo 9. Cambio de titor

En casos debidamente xustificados, a Comisión de Título poderá aprobar cambios na titorización dun TFM.

Artigo 10. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor no curso académico 2021-2022.

Aprobado na Comisión de Título celebrada o 9 de Xuño de 2021

Julio González Díaz
Coordinador Xeral do MTE